

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 4 de febreiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 31 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2b e 3b)
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 4 e 8)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 29 de xaneiro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días á UTE LAPPSET, S.L. e ACEVI, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación no prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE LAPPSET, S.L. e ACEVI, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)



(emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 29 de xaneiro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a ARA NEGOCIOS S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou a documentación no prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a ARA NEGOCIOS S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

No sobre B presentado por ARA NEGOCIOS S.L. figura a súa proposición avaliable a través de fórmula, motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares (*“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”*).

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a ARA NEGOCIOS S.L. por incluír a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre B, motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares (*“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”*).
2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:20	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA948-57212D-374B84-KB59YH-BBUK6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 31 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ORECO, S.A.	144.156,12 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	159.407,19 €

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI **.1*2.26*, en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

